

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA GAONA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS MAIORES DENTRO DO MARCO DO PROGRAMA “COMO NA CASA”.

Santiago de Compostela, a 13 de setembro de 2019.

REUNIDOS



Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, en virtude do Decreto 89/2018, do 26 de setembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 88/2018, do 22 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social.



Doutra parte, dona Flora Pérez Marcote, Vicepresidenta primeira da Fundación Amancio Ortega Gaona (en adiante, a FAO), que foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña con data de 10 de xullo de 2001, clasificada coma fundación mixta pola Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG nº 176, do 11 de setembro) e declarada de interese galego por Orde do 12 de setembro de 2001 (DOG nº 186, do 25 de outubro). Actúa en virtude das funcións atribuídas pola delegación de facultades outorgada na reunión do Padroado da Fundación o 10 de setembro de 2019.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para obrigarse e outorgar este Convenio en nome da Consellería de Política Social e da FAO, respectivamente.

EXPOÑEN

I. Que ambas partes teñen obxectivos comúns e competencias concorrentes no ámbito da asistencia social.

II. Que conforme ao establecido no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Consellería, a través da Dirección Xeral de Maiores e persoas con discapacidade ostenta as competencias de dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

III. Pola súa banda, a FAO, é unha organización de natureza fundacional, constituída ao amparo do dereito recollido no artigo 34.1 da Constitución española, de interese galego sen ánimo de lucro cuxo patrimonio está afectado de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral recollidos nos seus estatutos.

Concretamente, esta fundación ten por obxecto a promoción, fomento, desenvolvemento, execución e financiamento de todo tipo de actividades que coadxuven á difusión e extensión da acción social e asistencial.

IV. Un dos principais eixes de actuación da Xunta de Galicia dentro do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, tal como resulta do Anexo I ao presente convenio, é o benestar das persoas e as familias e a cohesión social. Dentro deste eixe unha das prioridades de actuación consiste no desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención

ás persoas maiores e dependentes, procurando neste reto estratéxico avanzar na creación de recursos de atención ás persoas maiores de tipo residencial destinados, prioritariamente, á atención a aquelas persoas que, por razón do seu grao de dependencia, non poidan seguir residindo no seu contorno habitual.

V. Á hora de analizar a cobertura dos servizos de residencias para persoas maiores, de conformidade co informe da necesidade de infraestruturas residenciais en Galicia (Anexo II), é necesario ter en conta o número e a evolución da poboación maior, como posibles demandantes, entendendo por isto a os maiores de 65 anos.

Neste senso, un dos cambios máis significativos da sociedade actual é o do envellecemento progresivo da poboación, especialmente acusada en comunidades como a galega, onde a idade media é catro anos superior á media española, tanto no caso de homes coma de mulleres.

As proxeccións realizadas polas institucións oficiais, pola súa banda, apuntan a que este envellecemento da poboación galega continuará de xeito acusado nos próximos anos, estimándose que no ano 2031 o 31,3% da poboación galega superará os 65 anos.

Por outra banda, a distribución de poboación por idades e comarcas permite ver que o maior número de persoas con 65 anos ou máis está particularmente concentrado nas comarcas que inclúen ás sete grandes cidades (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo).

Unha das consecuencias da prolongación da esperanza de vida e, con ela, o progresivo envellecemento da poboación, é que aumenta o risco de sufrir algún tipo de discapacidade ou dependencia.

VI. Da análise da situación anteriormente descrita, así coma da previsible evolución futura da poboación potencialmente demandante de servizos relacionados con dependencia, así coma da oferta destes, a Consellería de Política Social está a traballar no plan "Como na casa", no que se prevé a construción de sete novas

residencias públicas, unha en cada gran cidade galega, para atender a maiores en situación de dependencia. Deste xeito, o Goberno autonómico responde a unha das prioridades recollidas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 en relación coa necesidade de incrementar a cobertura de atención ás persoas maiores.

“Como na casa” é a resposta articulada pola Xunta de Galicia para garantir un avance efectivo na ampliación da cobertura asistencial aos galegos e galegas que se atopan en situación de dependencia. Un plan de investimentos a desenvolver no período 2017-2020 co desafío de mellorar a calidade de vida dun colectivo especialmente vulnerable. Este plan, nace coa finalidade de conseguir que todos os galegos e galegas maiores reciban os coidados que merecen. Neste sentido, fórmulanse unha serie de obxectivos funcionais:

- Garantir á poboación en situación de dependencia unha atención de calidade, especializada e claramente centrada nas persoas
- Aumentar a oferta asistencial pública precisamente naqueles lugares onde se concentra a demanda de prazas, facilitando así que permanezan preto dos seus fogares e dos seus
- Reducir drasticamente a lista de agarda para entrar en centros residenciais
- Impulsar a creación de emprego vinculado, directa ou indirectamente, ao Sistema Galego de Atención á Dependencia
- Facilitar instrumentos que posibiliten a conciliación da vida familiar, laboral e persoal a milleiros de familias. A realidade dinos que, en moitos casos, a permanencia no fogar do dependente é totalmente inviable

Así mesmo, como novidade, todos os centros terán unidades xeriátricas e psicoxeriátricas diferenciadas; é dicir, contarán con zonas específicas para aloxar, coidar e traballar con residentes que padezan deterioracións ou trastornos cognitivos severos, facilitando así a súa correcta atención e mellorando a calidade asistencial. O resto das áreas das novas residencias destinaranse a zona social, con espazos para favorecer a convivencia, desenvolver actividades e recibir visitas; a área de atención especializada, que acollerá a consulta médica, as salas de rehabilitación e podoloxía, a

farmacia e unha unidade de enfermaría; e finalmente completaranse con zonas de administración e servizos (lavandaría, cociña...).

A posta en servizo destes centros permitirá que máis de 900 persoas maiores accedan ás novas prazas residenciais e suporá a creación de ao redor de 500 empregos.

VII. Do Informe sobre a distribución interna das infraestruturas residenciais en Galicia (Anexo III) pode concluírse que a demanda actual dos servizos de atención residencial en Galicia se concentran maioritariamente nos municipios de máis de 20.000 habitantes, onde se localizan un bo número das prazas públicas pero que aínda presentan déficit de prazas dispoñíbeis. A solicitude do servizo de residencia esta asociada ao dependente urbano formado maioritariamente por mulleres de idade avanzada, que suman ás súas dificultades físicas, necesidades vinculadas ás enfermidades crónicas que padecen e en moitos casos ao deterioro cognitivo asociado á lonxevidade. Os sete municipios das grandes cidades concentran o 40% da demanda total rexistrada e a oferta privada que complementa á pública so atende ao 27%, cun nivel de ocupación que rolda o 80% de súa capacidade. Establecida a estimación da demanda a partir dos datos de demanda real en 2016 en base ás solicitudes rexistradas, a necesidade de novas prazas para atendela estímase en 1.414 prazas para o conxunto de Galicia, que virían a completar a oferta existente en maio de 2016 que acadaba un total de 6.975 prazas públicas e 11.548 prazas privadas.

Consecuentemente, propóñense como novos centros os seguintes: para as áreas asistenciais de maior demanda, A Coruña e Vigo, dous grandes centros residencias de 150 prazas. Para as áreas de demanda intermedia e próximas ás de maior demanda, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense, preveranse cinco residencias de 120 prazas. En total aténdese neste programa de medio prazo, a desenvolver no cuatrienio 2016-2020, a construción de sete novos centros residencias para 900 prazas o que supón case o 64% do total das prazas de demanda rexistrada en toda Galicia que poderán atender ata o 70,0% da demanda considerando unha taxa de rotación do 10%.

VIII. Ambas institucións consideran que a realización das actuacións recollidas no plan “Como na casa” redunda de xeito positivo no eido da defensa do intereses públicos que lles competen, estando interesada a FAO en contribuír ao mesmo mediante a construción e equipamento destes centros residenciais, polo que acordan levar a cabo actuacións de colaboración que permitan a posta en marcha do plan, “Como na casa” por parte da Consellería de política social.

E en base a estes expoñendos, conveñen en establecer o seguinte

CLAUSULADO

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de cooperación entre a FAO e a Consellería de Política Social para a construción e posta en funcionamento de sete centros públicos de atención integral ás persoas maiores (en adiante, os “Centros de Maiores”), sitios nas cidades de Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol, para atender a maiores en situación de dependencia no marco do plan “Como na casa”.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

1.- A FAO comprométese a realizar e por a disposición da Consellería a construción e equipamento inicial dos sete Centros de Maiores correspondentes ao programa “Como na casa” nos termos establecidos neste convenio e os seus Anexos.

2.- Pola súa parte, a Consellería de Política social comprométese a colaborar no procedemento, prestando a colaboración, información e asistencia técnica que sexan precisas. Singularmente, porá a disposición da FAO, aos meros efectos da realización das obras, sen que a FAO adquiera en ningún momento a propiedade sobre as construcións, libres de gravames e/ou cargas administrativos ou de calquera outro tipo,

os terreos onde se ubicarán os futuros Centros de Maiores para a súa construción (sen que a FAO teña responsabilidade, en ningún caso, na localización dos devanditos terreos nin en ningunha outra operación relacionada cos procedementos, negociación ou actos administrativos de calquera tipo que deban realizarse ou sexan necesarios para a adquisición dos mesmos) así coma os anteprojectos dos mesmos. Asemade determinará os requisitos mínimos, tanto de carácter técnico coma arquitectónico e dotacional, que estes deberán ter.

A FAO responsabilizarase, con cargo ao seu patrimonio, por sí mesma ou por medio de terceiros, da redacción do proxecto, construción, equipamento e dotación inicial de mobiliario para o adecuado funcionamento dos sete Centros de Maiores correspondentes ao programa "Como na casa".

Previamente á realización daqueles trámites que sexan necesarios para a obtención dos permisos ou licenzas que puideran derivarse da construción ou o inicio da actividade nos Centros de Maiores a FAO dará coñecemento dos proxectos básico e de execución da construción, equipamento e dotación inicial de mobiliario á Consellería de Política Social para que emita informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos normativos e funcionais, a través dos seus servizos técnicos, e facilite as acometidas de servizos e subministracións necesarias para a execución das obras.

Rematada a construción, equipamento e dotación inicial do mobiliario, a FAO doará os equipamentos construídos á Consellería de Política Social e estes quedarán integrados no seu patrimonio formando parte da súa rede pública de centros.

As prazas residenciais que se creen serán de titularidade pública, asumindo a Consellería de Política Social a responsabilidade da posta en funcionamento dos Centros de Maiores nos termos previstos no presente convenio.

O ámbito de colaboración reflectido no presente convenio será obxecto de desenvolvemento e concreción a través dos oportunos instrumentos que procedan e das actuacións necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

TERCEIRA.- Financiamento

Para a realización das actividades obxecto do presente convenio establécese un orzamento estimado de 90.000.000 euros, os cales serán aportados de xeito íntegro pola FAO, sen que a subscripción do presente convenio supoña obrigas de carácter económico para a Consellería.

CUARTA.- Establecemento dunha comisión mixta ou de seguimento

Para facilitar o seguimento da colaboración, constituirase unha comisión mixta composta por dous representantes nomeados pola Consellería de Política Social, que será a Presidenta, e dous representantes nomeados pola FAO, así como un secretario designados ao efecto. Actuará como secretario un funcionario da Consellería.

Serán funcións desta comisión asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, así coma interpretar as dúbidas que xenere o seu cumprimento e resolver as controversias xurídicas consecuencia da súa execución.

Non obstante, de producírense a xuízo de calquera das partes desacordos reiterados no seo da comisión que dean lugar á imposibilidade de chegar a unha solución amistosa despois de, cando menos, dúas sesións, e que impidan a correcta execución e desenvolvemento do presente convenio, calquera das partes poderá instar a resolución deste.

No réxime de funcionamento da Comisión Mixta estarase ao disposto para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público así como na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

QUINTA.- Vixencia



O convenio entrará en vigor dende o día seguinte á súa sinatura e estará vixente en tanto en canto subsistan as circunstancias que motivaron a súa sinatura, podendo demandar ambas partes as obrigas ás que ambas se comprometeron. .

En todo caso, o presente convenio terá unha duración máxima de catro anos a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser obxecto de prórroga por outro prazo similar ou inferior.

SEXTA.- Publicidade das actuacións

Os actos relativos á información e comunicación das actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio, así como os termos nos que se fará pública esta colaboración estableceranse de común acordo por ambas partes, sen prexuízo do cumprimento das correspondentes obrigas en materia de publicidade por parte da Consellería de Política Social.

SÉTIMA.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente Convenio, xunto co mutuo acordo das partes e o transcurso do prazo da súa vixencia sen acordarse a súa prórroga, o incumprimento das obrigas ás que as partes se comprometen na cláusula segunda do mesmo.

OITAVA.- Carácter do Convenio

Este convenio ten natureza administrativa quedando suxeito ao disposto na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, normativa local, concordante e de desenvolvemento.



Para resolver as cuestións litixiosas que xurdan no seu cumprimento estarase ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Soamente se aplicará o dereito privado con carácter supletorio para cubrir dúbidas e lagoas que poidan xurdir.

NOVENA.- Rexistro e publicidade

Para garantir a publicidade e transparencia o convenio inscribírase no Rexistro de Convenios regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega.

Os representantes das partes asinantes do convenio, manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

E en proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración en triplicado exemplar e a un só efecto en Santiago de Compostela.

Pola Consellería de Política Social
A Conselleira de Política Social



Fabiola García Martínez

Pola Fundación Amancio Ortega Gaona
A Vicepresidenta primeira da Fundación



Flora Pérez Marcote


ANEXO I

**EXTRACTO DA ESTRATEXIA PARA O EIXE
BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL
PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 2015-2020**

**APARTADO 2.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos
sociais de atención ás persoas maiores e dependentes**



2 Estratexia Operativa dos eixes do PEG



Neste apartado relaciónanse primeiramente os obxectivos estratéxicos / instrumentais coas súas prioridades de actuación e Eixes prioritarios, e posteriormente expónse o detalle da formulación estratéxica do PEG por prioridades de actuación e obxectivos estratéxicos onde se mostra principalmente para cada un deles as liñas de actuación máis destacadas, os plans sectoriais, os indicadores e os programas de gasto.

2.2. Eixe 2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social

A dinámica demográfica de Galicia fai que a mellora das políticas de benestar sexa cada vez máis indispensable para colaborar na calidade de vida dunha poboación de máis idade.

Do mesmo xeito, as políticas de conciliación e os servizos ás familias, especialmente á infancia, deben contribuír a mellorar as taxas de fecundidade e a inverter a dinámica demográfica de Galicia.

Nesta liña, resulta preciso aplicar con éxito as políticas de inserción social dun amplo colectivo que foi o máis desfavorecido pola crise, mediante itinerarios personalizados que permitan acompañar ás persoas en risco de exclusión ata que abandonen esta situación. Tamén a consecución dunha sociedade máis xusta, esixe que se garanta a igualdade de oportunidades para aqueles colectivos que sofren exclusión por outros motivos, dende unha discapacidade á pertenza a colectivos sociais marxinados.

Mención especial cómpre facer ás políticas de igualdade que, se ben constitúen unha prioridade horizontal, é dicir a perspectiva de xénero debe estar presente na diagnose e solución aos principais problemas de Galicia, tamén deben contar con liñas de acción específicas para reducir con determinación as fendas de xénero nos diferentes eidos tratados no plan.

O eixe 2 artículase en cinco Prioridades de actuación:

- Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos modos de vida saudables.
- Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes.
- Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación.
- Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables.
- Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia.

2.2.2. Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes

EIXE 2	BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL
Prioridade de actuación	PA.2.2: Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes.
Retos estratéxicos	1. PROMOCIÓN DE VALORES E PROTECCIÓN DE DEREITOS. 1.1 Difundir a vellez como unha etapa da vida na que se poden facer importantes achegas ao proceso de desenvolvemento socioeconómico da sociedade. 1.2 Difundir os dereitos das persoas maiores. 1.3 Mellorar os mecanismos existentes para a protección dos dereitos das persoas maiores e a prevención das situacións de risco. 1.4 Reducir as desigualdades entre homes e mulleres e promover os principios da igualdade de xénero entre as persoas maiores. 2. ENVELLECIMENTO ACTIVO E PARTICIPACIÓN SOCIAL: 2.1 Promover a autonomía das persoas maiores e favorecer un envellecemento san e saudable. 2.2 Contribuír á participación proactiva das persoas maiores na sociedade civil, a través dos seus órganos representativos e en diferentes manifestacións sociais que lles permitan expresar as súas opinións nos procesos de toma de decisións. 2.3 Potenciar a participación de e para as persoas maiores en programas de voluntariado incidindo nun principio de solidariedade interpersonal. 2.4 Promover o acceso e participación das persoas maiores a actividades culturais, de ocio e tempo libre. 2.5 Potenciar a participación e valorizar as contribucións das persoas maiores ao desenvolvemento socio económico e profesional das traballadoras e dos traballadores de Galicia. 3. PRESTACIÓN DE SERVICIOS CON EFICACIA E CALIDADE. 3.1 Ampliar o catálogo de recursos e prestacións dispoñibles para mellorar a calidade de vida das persoas maiores que residen no seu fogar. 3.2 Potenciar o desenvolvemento de recursos destinados á permanencia das persoas maiores no seu contorno habitual, particularmente daquelas persoas que presentan algún tipo de limitación no seu grado de autonomía persoal. 3.3 Avanzar na creación de recursos de atención ás persoas maiores de tipo residencial destinados, prioritariamente, á atención a aquelas persoas que por razón do seu grao de dependencia non poidan seguir residindo no seu contorno habitual. 3.4 Promover a mellora dos coñecementos e a formación das persoas que realizan tarefas de atención ás persoas maiores. 3.5 Asegurar que o desenvolvemento do catálogo de programas, servizos e recursos destinados ás persoas maiores se realice atendendo aos principios da calidade. 3.6 Promover o desenvolvemento de novos recursos, programas e servizos destinados á atención ás persoas maiores mediante a posta en marcha de actuacións altamente intensivas en termos de I+D+i.

Retos estratéxicos	4. COOPERACIÓN TRANSVERSAL. 4.1 Establecer instrumentos e/ou estratexias de mellora da cooperación interdepartamental para o logro dos obxectivos que esixen unha actuación conxunta. 4.2 Desenvolvemento de sinerxías cara ao eido local para unha mellor ordenación/xestión de recursos e un maior impacto das políticas autonómicas. 4.3 Promover instrumentos e/ou estratexias de cooperación supraautonómicas para a achega das medidas previstas no Plan 4.4 Fomentar mecanismos ou instrumentos para a difusión integral do Plan Galego das Persoas Maiores 2010 - 2013,
Planificación sectorial	Plan galego das persoas maiores. <u>Programa de localización e control voluntario de persoas en situación de especial vulnerabilidade.</u> <u>Programa de teleasistencia avanzada.</u> <u>Estratexia de detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020.</u> <u>Programa de voluntariado para persoas con Alzheimer.</u> <u>Programa respiro familiar.</u> <u>Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.</u>
Programas de gasto	312D, 312E.

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.2.01: Incrementar a cobertura de atención ás persoas en situación de dependencia.
Diagnóstico	Galicia é a 5ª C.A con maior poboación maior de 65 anos (647.015) e poboación con discapacidade igual ou superior ao 33% (233.774), en ambos colectivos superior á media española. A porcentaxe de poboación maior de 65 anos sobre o total da poboación é do 23,54%, a maior de España. Na actualidade o 65,51% da poboación recoñecida con dereito de atención está a recibir unha prestación a través do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).
Necesidades Retos	Atender o considerable incremento de persoas dependentes, necesitadas de atención en Galicia (65.310 en 2015, 75.000 estimados en 2020). Diminuír a fenda de 4,62 puntos coa medida nacional de porcentaxe que recibe prestación sobre a poboación recoñecida con dereito a atención, e atender ao incremento de demandantes pola incorporación do grao I en xullo de 2015. Crear emprego vinculado ao SAAD e sinerxía co sistema sanitario.
Resultados que se pretende conseguir	Mellorar a calidade de vida da poboación maior e dependente mediante a cobertura da demanda do colectivo malia o incremento que se está a producir na poboación necesitada de asistencia do SAAD.
Indicador de resultado	IR 2.2.01: Porcentaxe de persoas atendidas sobre o total de persoas recoñecidas cun grao implantado.
Planificación relacionada co obxectivo	Estratexia para a prevención e a detección precoz da dependencia en Galicia 2020. Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020. Plan galego de persoas maiores 2010-2013 Horizonte 2015 e novo documento de programación.
Principais liñas de actuación	Incremento dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais. Incremento das prestacións económicas do SAAD.
Indicadores de produtividade	Nº de novos servizos/prestacións creados cada ano. Persoas atendidas nos servizos, desagregados por sexo. (desagregado por servizo).
Programas de gasto	312D: Programa de Atención á Dependencia.

Título do Obxectivo estratéxico	OE.2.2.02: Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, en termos de autonomía persoal, así como prever as situacións de dependencia.
Diagnóstico	Os datos actuais amosan que Galicia é a que maior porcentaxe de poboación maior de 65 anos ten de España, co 23,55%, cun progresivo envellecemento da poboación. No que atinxe a poboación con discapacidade, en Galicia o nº de persoas que se atopan nesta situación é de 233.774 (datos a 31/12/2013 Censo Persoas con Discapacidade) (o 51,52% mulleres), sendo Galicia a 5ª comunidade autónoma con máis persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% e a 4ª C.A. en porcentaxe sobre a poboación total (8,38%), 1,05 puntos por enriba da media estatal (7,33%). A maioría da poboación feminina que presenta algunha discapacidade ten máis de 65 anos, namentres que só o 40% dos homes que teñen algunha discapacidade superan os 65 anos.
Necesidades Retos	Actuar de xeito preventivo para contribuír a aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e a discapacidade, promover os coñecementos e as condicións necesarias para conseguir o aumento e/ou mantemento das capacidades destas persoas, para o desenvolvemento da súa vida diaria e, polo tanto, evitar ou retrasar no posible a aparición da dependencia. Avanzar no desenvolvemento tecnolóxico no eido da prevención e detección precoz da dependencia. Promover a accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía, e fomentar a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a participación das persoas con discapacidade en termos de igualdade.
Resultados que se pretende conseguir	Aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento e a discapacidade. Mellorar a atención ás persoas maiores e discapacitadas, e aumentar a esperanza de vida libre de dependencia.
Indicador de resultado	IR 2.2.02.a: % de poboación maior á que se dirixen os programas de prevención da dependencia sobre a poboación maior de 55 anos. IR 2.2.02.b: % de persoas con discapacidade que participan en programas de promoción da autonomía persoal sobre o total de persoas con discapacidade que o solicitaron.
Planificación relacionada co obxectivo	Estratexia para a prevención e a detección precoz da dependencia en Galicia 2020. Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020. Plan galego de persoas maiores 2010-2013 Horizonte 2015 e novo documento de programación.

**Principais
liñas de
actuación**

Fomentar actitudes positivas cara o coidado da saúde e á promoción da autonomía persoal: fomento da actividade física e doutros hábitos de vida saudables, implantación de programas e obradoiros prácticos de preparación para a xubilación.

Favorecer a permanencia no domicilio e contorno habitual durante o maior tempo posible.

Promover unha vida autónoma e activa, principalmente mediante solucións TIC e novos recursos para actividades preventivas e hábitos saudables.

Facilitar a accesibilidade universal como requisito para unha vida autónoma. Impulsar a accesibilidade nos fogares para as persoas con diversidade con medidas de adaptación dos fogares e outras achegas.

Fomentar o desenvolvemento do dereito do acceso ao emprego público das persoas con discapacidade segundo a normativa vixente.

Promover o cumprimento das obrigas da empresa privada en materia de cotas de diversidade.

**Indicadores
de
produtividade**

Persoas atendidas nos servizos (desagregados por sexo) (desagregado por servizo).

Nº persoas de 55 ou máis anos, desagregado por sexo, que participan en programas de prevención da dependencia.

Nº de persoas con discapacidade, por sexo, que participan en programas de promoción da autonomía persoal.

Poboación beneficiada pola actuación de infraestrutura (ou equipamento) social.

**Programas
de gasto**

312E: Servizos de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia destinados ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

ANEXO II

Informe da necesidade de infraestruturas residenciais en Galicia





Como na Casa

**Informe da necessidade de
infraestruturas residenciais
en Galicia**



1. INTRODUCCIÓN.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, con competencias en materia de asistencia ás persoas maiores, deseñou a posta en marcha do que denomina Plan *Como na Casa*, polo que se construírán e porán en funcionamento sete residencias para persoas con dependencia nas cidades de: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol.

Trátase dun ambicioso proxecto que dotará ao sistema de atención á dependencia de case 1.000 novas prazas, ao concretarse en centros de 120 e 150 prazas.

Nesta avaliación socioeconómica do plan pretendemos analizar a realidade actual da poboación potencialmente receptora dos servizos obxecto do mesmo en Galicia, pero en especial nas áreas de influencia das cidades onde se instalarán as residencias, así como a súa previsible evolución futura, pódooa en relación coa oferta actual dos devanditos servizos e as necesidades que se requirirán para dar cobertura á demanda esperada.

2. CONTEXTO XERAL: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN.

Á hora de analizar a cobertura dos servizos de residencias para persoas maiores é necesario ter en conta o número e a evolución da poboación maior, como posibles demandantes, entendendo por *persoa maior* a de 65 anos ou máis, ao ser esta fronteira a comunmente utilizada para a análise e a comparativa neste tipo de estudos¹. En consecuencia, comezamos este informe realizando unha análise da estrutura de poboación en Galicia, así como da súa evolución recente e das previsións para os próximos anos. Neste sentido, un dos cambios máis significativos da sociedade actual é o do envellecemento progresivo da súa poboación, especialmente acusada en comunidades como a galega. A idade media da poboación en Galicia (Táboa 1) é catro anos superior á media española, tanto no caso dos homes como no das mulleres:

¹ Esta decisión non é menor, porque o nivel de envellecemento dunha poboación está determinado polo parámetro de medición. Neste caso, é un indicador fixo, inflexible. Se introducísamos outro tipo de indicador menos ríxido, como a esperanza de vida, poderíase establecer o límite de vellez ao redor dos 73 anos (71 para os homes e 75 para as mulleres). Non entanto, habería que revisar a evolución do indicador no tempo ao tratarse dun parámetro móbil. (Abellán, Ayala e Pujol, 2017)

Táboa 1. Idade media da poboación en 2017


	TOTAL	HOMES	MULLERES
ESPAÑA	42,97	41,66	44,22
GALICIA	46,76	45,11	48,31
A Coruña	46,46	44,79	47,99
Lugo	49,52	48,04	50,93
Ourense	50,28	48,56	51,88
Pontevedra	45,00	43,31	46,58

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de INE

Nos últimos anos a comunidade galega ten experimentado un incremento progresivo da idade media dos seus habitantes, que pasou de 42,89 anos en 2002 a 46,76 en 2017 (un incremento do 9,02%). Este comportamento é común nas catro provincias galegas, pero moi especialmente na de Pontevedra , onde a media de idade pasou de 40,58 anos en 2002 a situarse ao redor dos 45 anos a finais de 2017 (un incremento relativo próximo ao 11%). A Coruña rexistra un comportamento similar á media da Comunidade Autónoma cun aumento do 9,34%, mentres que Ourense e Lugo rexistran incrementos por baixo da media galega (7,62% e 6,82% respectivamente).

A pesar destas diferenzas no incremento da idade media, tal e como se pode comprobar no gráfico 2, a posición relativa de cada provincia no que respecta á idade media dos seus habitantes permanece estable desde 2.002.

Gráfico 1. Evolución idade media da poboación 2002 – 2017



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Así, pódese comprobar que Pontevedra continúa sendo a provincia que presenta unha menor idade media, seguida da Coruña, Lugo e Ourense.

Os datos poboacionais a 1 de xaneiro de 2018 puñan de manifesto que as persoas maiores de 65 anos na comunidade galega alcanzan practicamente os 673.000 habitantes. En concreto, se en Galicia en 2018 hai 24.587 persoas menos que as rexistradas en 2001, na franxa de idade de 65 anos e máis hai un incremento de 97.159 persoas. Isto supón en termos porcentuais case 4 puntos máis no que levamos de século. Así, se en 2001 a poboación galega nese segmento de idade representaba o 20,8% do total da poboación en Galicia, en 2017 a participación elévase ata o 24,6%. Detrás destes datos escóndese un diferente ritmo de movemento poboacional: como se observa na Táboa 2, dende 2001 a poboación total ten diminuído un 0,90%, á vez que o número de persoas que superan os 65 anos incrementouse en máis dun 17%. É dicir, que mentres a poboación galega diminuíu a un ritmo do 0,06% anual, o número de persoas maiores de 65 anos incrementouse a un ritmo medio de case o 1%.

Táboa 2. Poboación total e Poboación maior de 65 anos (Galicia)

Anos	TOTAL	TOTAL +65	%	HOMES	%	MULLERES	%
1900	2.073.638	124.673	6,0	56.360	45,2	68.313	54,8
1930	1.466.599	157.916	10,8	66.051	41,8	91.865	58,2
1950	2.701.803	207.110	7,7	77.057	37,2	130.053	62,8
1970	2.676.403	297.439	11,1	116.366	39,1	181.073	60,9
2001	2.732.926	568.780	20,8	233.366	41,0	335.414	59,0
2012	2.781.498	635.879	22,9	266.486	41,9	369.393	58,1
2017	2.708.339	665.939	24,6	282.560	42,4	383.379	57,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Esta táboa permite comprobar tamén diferentes comportamentos na poboación masculina e feminina. A desagregación de datos por sexo constata que o número de mulleres é superior ao de homes na franxa de idade de 65 e máis anos (57,57% fronte a 42,43%). Sen embargo, obsérvase tamén que a poboación masculina ten aumentando progresivamente o seu peso relativo neste segmento de poboación, pasando de supor un 41% en 2001 ao actual 42,4%.

Estes datos suxiren un comportamento diferencial entre homes e mulleres de 65 anos e máis, constatándose que a poboación masculina creceu a un ritmo superior á feminina. En concreto, desde 2001 a proporción de homes nese segmento de poboación aumentou pasando de representar o 8,54% ao 10,43% do total da

poboación galega. No caso das mulleres prodúcese tamén un aumento de participación no total de poboación, pasando dun 12,27% en 2002 ao máis recente 14,15%. Con todo, os datos absolutos mostran que o número de homes aumentou máis que o de mulleres (49.194 e 47.965 respectivamente). Estes datos sitúan a taxa de crecemento da poboación masculina nesa franxa de idade nun 1,12%, fronte ao 0,80% de crecemento anual –en media- da poboación feminina.


Táboa 3. Poboación e Poboación de 65 anos e máis. Galicia/España

	Poboación Total		Total Máis de 65		%Galicia/España	
	Galicia	España	Galicia	España	Total	Máis de 65
2001	2.732.926	41.035.271	568.780	6.980.550	6,66	8,15
2012	2.781.498	46.727.890	635.879	8.262.077	5,95	7,70
2017	2.708.339	46.549.045	665.939	8.844.411	5,82	7,53

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

O gráfico 3 permite situar o comportamento da poboación galega no contexto estatal. Este gráfico presenta a evolución dende principio de século da porcentaxe de poboación que ten 65 anos e máis sobre o total da poboación rexistrada en Galicia e en España. Como se pode comprobar, a poboación nesta franxa de idade representa actualmente o 24,6% da poboación total da comunidade galega, 5,6 puntos máis que o que supón no conxunto do Estado.


Gráfico 3. Peso relativo da poboación de 65 e máis anos 2000 -2017



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

As proxeccións realizadas polas institucións oficiais, pola súa banda, apuntan a que este envellecemento da poboación galega continuará de forma acusada nos próximos anos, estimándose que no ano 2031 o 31,3% da poboación galega superará os 65 anos. Como se pode observar, este escenario prevé que a brecha entre o peso que supón esta poboación sobre o total de habitantes, tanto en contexto autonómico como estatal seguirá aumentando co paso do tempo, ata unha diferenza próxima aos 6 puntos porcentuais en 2031. É dicir, que se espera que aumente nun 2% nos próximos quince anos.

Gráfico 4. Peso relativo da poboación de 65 anos e máis. Proxeccións 2016-2031




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

3. CONTEXTO ESPECÍFICO: DEPENDENCIA

Unha das consecuencias da prolongación da esperanza de vida e, con ela, do progresivo envellecemento da poboación, é que aumenta o risco de sufrir algún tipo de discapacidade ou dependencia. Neste segundo apartado realízase unha revisión da situación na que se atopan os servizos asistenciais relacionados coa devandita


realidade de envellecemento, en especial os servizos residenciais, así como o resto de servizos asistenciais, concretamente a axuda a domicilio, teleasistencia e os centros de día.

Gráfico 5. Número de persoas con dependencia en Galicia (2007-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Enquisa Estructural aos fogares (IGE)

Gráfico 6. Persoas con dependencia e idade (2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Enquisa Estructural aos fogares (IGE)